

Resolución do 28 de xaneiro de 2026, de convocatoria de eleccións á reitoría e a representantes no Claustro Universitario da Universidade de Vigo

Á vista do disposto no artigo 16 n) dos Estatutos da Universidade de Vigo, polo cal, entre as competencias do Consello de Goberno figura “convocar eleccións para a renovación total ou parcial do Claustro Universitario”.

Á vista do artigo 8.1 do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo, polo cal “a comisión electoral ten por función resolver as reclamacións presentadas contra as decisións adoptadas polas xuntas electorais dos centros e dos departamentos, así como regular as eleccións do reitor ou reitora e dos membros do claustro, aprobando o calendario, os censos e o procedementos das eleccións.”.

Á vista do acordo do Consello de Goberno de data 22 de xaneiro de 2026 polo que se convocan eleccións ao Claustro Universitario.

Á vista os acordos acadados na Comisión Electoral o día 27 de xaneiro de 2026, aprobando o calendario e o procedemento a seguir nas eleccións á reitoría e ao claustro universitario.

Á vista do artigo 51.1 do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo, segundo o cal “o reitor/a convocará as eleccións a reitor/a coa debida antelación para que teñan lugar antes do termo do seu mandato, e en calquera caso como mínimo un mes antes da citada data. ...”.

Por todo o exposto, esta reitoría,

RESOLVE

Primeiro: comunicar o acordo do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, de 22 de xaneiro de 2026, polo que se convocan eleccións a representantes no Claustro Universitario da Universidade de Vigo.

Segundo: convocar eleccións á reitoría da Universidade de Vigo consonte o mesmo calendario, no que lle resulte aplicable, que o establecido para as eleccións a representantes no Claustro Universitario, e que se achega como anexo á presente resolución, aprobado na Comisión Electoral o día 27 de xaneiro de 2026.

Terceiro: que se dea a publicidade debida á presente resolución para o seu coñecemento por toda a comunidade universitaria.

Vigo, data da sinatura dixital

O reitor

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa poderase interpor recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro electrónico oficial da Universidade de Vigo de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, poderá optar por interpoñer contra a mesma recurso de reposición no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro electrónico oficial da Universidade de Vigo, non cabendo neste caso a interposición do recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición.



ANEXO

Calendario de eleccións á reitoría e a representantes no Claustro Universitario na Universidade de Vigo, aprobado pola Comisión Electoral o 27 de xaneiro de 2026 (*):

11.02.2026	Publicación dos censos provisionais
12.02.2026 ao 20.02.2026	Prazo de reclamacións aos censos provisionais
06.03.2026	Publicación dos censos definitivos
09.03.2026 ao 13.03.2026	Prazo presentación de candidaturas
27.03.2026	Proclamación provisional de candidaturas
06.04.2026 ao 10.04.2026	Prazo de reclamación ás candidaturas provisionais
16.04.2026	Proclamación definitiva de candidaturas
17.04.2026.....	<i>Presentación do equipo e liñas xerais do programa</i>
20.04.2026 ao 04.05.2026	Campaña electoral
05.05.2026	Xornada de reflexión
06.05.2026	Votación
07.05.2026	Proclamación provisional de resultados
08.05.2026 ao 12.05.2026	Prazo de reclamacións aos resultados provisionais
13.05.2026	Proclamación definitiva de resultados
15.05.2026.....	<i>Votación (en segunda volta, se procede)</i>
18.05.2026.....	<i>Proclamación provisional de resultados</i>
19.05.2026 ao 21.05.2026	<i>Prazo de reclamación aos resultados provisionais</i>
28.05.2026.....	<i>Proclamación definitiva de resultados</i>

(*) Sen resaltar, o correspondente a ambas eleccións; en cursiva, so exclusivo das eleccións á reitoría.

